



CURSOS DE COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN PARA HUMANIDADES DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

INFORME DO CURSO ACADÉMICO 2021/2022

Biblioteca de Filoloxía
Biblioteca de Filosofía
Biblioteca de Xeografía e Historia

Isabel Sempere Serrano
Daniel Cuevas Llinera



Contenido

| | |
|--|----|
| Introdución..... | 2 |
| As competencias dixitais e informacionais DIGCOMP e a adaptación REBIUN | 2 |
| As competencias dixitais e informacionais no marco da Unión Europea | 2 |
| Adecuación e adaptación REBIUN das competencias dixitais e informacionais..... | 3 |
| A formación en competencias dixitais e informacionais na BUSC..... | 3 |
| Nivel Básico | 4 |
| Nivel Avanzado..... | 4 |
| Nivel Experto | 5 |
| As competencias en información nas facultades de Artes e Humanidades dos campus de Santiago de Compostela da USC | 5 |
| O novo curso de competencias en información para Humanidades da USC (2021-2022)..... | 5 |
| O equipo de traballo e a xestión compartida da formación | 6 |
| Características propias do Nivel Básico..... | 6 |
| Características propias do curso de Nivel Avanzado..... | 7 |
| Implicación do profesorado e decanatos das facultades de Humanidades..... | 8 |
| Difusión e márketing dos cursos de competencias en información | 10 |
| Cursos realizados durante o ano académico 2021/2022 no campus virtual | 11 |
| Resultados globais de aptitude | 12 |
| Resultados globais da aprendizaxe | 16 |
| Enquisa de satisfacción ao alumnado | 17 |
| Enquisa de satisfacción do profesorado | 21 |
| Conclusións | 23 |
| Propostas de mellora | 24 |
| Anexos..... | 26 |
| Bibliografía | 31 |

Introdución

O presente informe ten por finalidade dar conta das actividades formativas relacionadas coas competencias dixitais e informacionais levadas a cabo polas bibliotecas das Facultades de Filoloxía, Xeografía e Historia e Filosofía durante o ano académico 2021/2022.

Este documento pretende comunicar tanto aos órganos de goberno das respectivas facultades como á Biblioteca Universitaria os resultados da formación dirixida ao alumnado de Humanidades do Campus de Santiago. O seu obxectivo é difundir as actividades de formación realizadas nos diferentes centros; presentar os datos de participación, aptitude e satisfacción do alumnado e do profesorado; avaliar os resultados obtidos, e reflexionar sobre as necesidades de mellorar en distintos aspectos como a difusión, a actualización dos contidos, a avaliación ou a colaboración co profesorado.

As competencias dixitais e informacionais DIGCOMP e a adaptación REBIUN

As competencias dixitais e informacionais no marco da Unión Europea

Dende 2010, a Unión Europea ven desenvolvendo e promovendo un “Marco común de competencia dixital” (DIGCOMP). DIGCOMP proporciona unha linguaxe común para identificar e describir as áreas chave das competencias dixitais. Segundo o informe DigComp 2.2, “trátase dunha ferramenta a escala da UE para mellorar a competencia dixital da cidadanía e planificar iniciativas de educación e formación para mellorar as competencias dixitais de grupos específicos” (European Commission’s Joint Research Centre 2022, p. 2).

A Unión Europea integra as Competencias en Información dentro da competencia dixital e define esta como unha das competencias fundamentais que todo estudante debe ter adquirido ao rematar a súa formación académica. A competencia dixital é unha das competencias chave para a aprendizaxe permanente. A súa definición oficial é a seguinte:

“A competencia dixital implica o uso seguro, crítico e responsábel das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a procura e xestión de información e datos, a comunicación e a colaboración, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade) e a resolución de problemas.” (Recomendación 2018/C 189/01 de Consejo de la Unión Europea, p. 9).

DIGCOMP establece 21 competencias dixitais repartidas en cinco áreas:

AREA 1: Información e tratamento de datos

AREA 2: Comunicación e colaboración

AREA 3: Creación de contido dixital

AREA 4: Seguridade

AREA 5: Resolución de problemas

No curso de nivel básico de Competencias en Información da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC), estas competencias DIGCOMP están representadas na estrutura dos diferentes módulos, nos contidos teóricos recompilados e nas tarefas propostas ao alumnado.

Adecuación e adaptación REBIUN das competencias dixitais e informacionais

Pola súa parte, a Rede de Bibliotecas Universitarias (REBIUN), en colaboración coa Comisión Sectorial CRUE-TIC, viña desenvolvendo dende 2014 o proxecto CI2 que terá a súa configuración definitiva no documento "Definición de Competencias Informacionais". Este documento tiña por obxectivo incorporar as competencias dixitais e informacionais ao ensino superior adaptando as propostas de DIGCOMP para a cidadanía xeral. Do mesmo xeito que no caso de DIGCOMP, este documento define cinco competencias e establece, para cada unha delas, as habilidades (realizacións competenciais), indicadores, coñecementos, procedementos e aptitudes necesarias para acadar ditas competencias.

CINFO1: Buscar información

CINFO2: Avaliar información

CINFO3: Organizar e xestionar eficazmente a información reunida

CINFO4: Usar, publicar e difundir

CINFO5: Manterse ao día e compartir información en rede

As competencias recollidas por REBIUN como elementos chave da formación aparecen reflectidas no Curso Avanzado de Competencias en Información da BUSC, tanto nos seus contidos como nas tarefas propostas ao alumnado.

A formación en competencias dixitais e informacionais na BUSC

A alfabetización informacional dirixida aos usuarios da Biblioteca Universitaria da USC foi realizada no pasado de diferentes xeitos dende as propias bibliotecas de centro e intercentros e dende o Negociado de Información da Biblioteca Xeral. En xuño de 2010 asinouse un convenio de cooperación coas bibliotecas universitarias de La Laguna e Zaragoza (ás que se incorporaron posteriormente Alacante, Huelva e Vigo) para a posta en marcha dun proxecto colaborativo de formación en competencias informacionais seguindo o modelo CI2 (competencias informáticas e informacionais) da CRUE/REBIUN. O proxecto unici2, que comezou o curso académico 2010/2011 e realizábase de xeito virtual (na USC na plataforma Moodle do CESGA, [Aula Cesga](#)), foi o xermolo dos cursos impartidos actualmente.

Mediante o [Plan estratéxico 2011-2020](#) a USC estableceu o obxectivo de potenciar a orientación dos servizos académicos á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe, para o que recolleu as conclusións do Plan estratéxico da [BUSC 2011-2014](#) no que se determina que a BUSC é un Centro de Recursos para a docencia, a Aprendizaxe e a Investigación (CRAI). A Biblioteca Universitaria recolleu o mandato da USC e estableceu como un dos seus obxectivos estratéxicos o de "contribuír á adquisición de competencias informacionais na comunidade Universitaria".

Foi no curso 2017/2018 cando esta formación pasou a realizarse no Campus Virtual da USC (Moodle) e para a maior parte dos graos universitarios en dous niveis: Básico e Avanzado cunha duración de 25 horas por curso.

Polo acordo do Consello de Goberno de 10 de xullo de 2018, ámbolos dous cursos foron recoñecidos cun crédito ECTS; dende o curso académico 2020-2021 o crédito impútase de xeito automático unha vez cubertas as actas polo coordinador do curso de competencias e firmadas pola Dirección da Biblioteca Universitaria.

A Biblioteca Universitaria tamén imparte no Campus Virtual da USC o Nivel Experto, dirixido ao alumnado de posgrao. Encárgase tamén da formación en competencias en información ao alumnado de doutoramento a través da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) e ao profesorado da USC a través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID).

A BUSC imparte tamén o "Curso de competencias en información na contorna dixital" no Programa de Formación para o PAS, dirixido ao persoal de administración e servizos da USC no que se abordan aspectos como a avaliación da información na Internet, o uso do repositorio institucional Minerva, ferramentas colaborativas con Office 365, a redacción de documentos administrativos, a identidade dixital e a netiqueta e a seguridade na rede.

Nivel Básico

Este curso vai dirixido ao alumnado dos primeiros anos do Grao. Constitúe unha primeira toma de contacto coa biblioteca e cos seus recursos. Ten como primeiro obxectivo proporcionar ás alumnas e alumnos ferramentas básicas que lles axuden a desenvolver de xeito satisfactorio e eficiente o seu traballo de clase. O curso desenvólvese a través do Campus Virtual da USC. A súa duración é de 4 semanas, cunha inversión en tempo do alumno de entre 25 e 30 horas, dependendo das habilidades previas e da dificultade que lle supoña a comprensión dos temas e a realización dos exercicios e/ou tarefas de avaliación. A formación organízase en dez módulos cos contidos teóricos e as tarefas correspondentes de carácter obrigatorio. Adoita incluír unha visita á Biblioteca da Facultade a realizar ao comezo do curso.

Nivel Avanzado

Especificamente orientado á realización do Traballo de Fin de Grao, este curso ten en conta os retos aos que se enfronta o alumnado que emprende unha actividade investigadora. O obxectivo é proporcionarlle ferramentas avanzadas que lle axude na descuberta, xestión e explotación da información de xeito eficiente. O curso ten lugar tamén no Campus Virtual da USC. A duración do curso é de catro semanas, cunha inversión en tempo por parte do alumno de 25 horas. O curso avanzado organízase en seis módulos cos contidos e as tarefas correspondentes de carácter obrigatorio.

Nivel Experto

O curso de nivel experto está especificamente pensado para o alumnado de Posgrao e, tamén, para o persoal docente e investigador que o precise. O curso desenvólvese, como todos os cursos ofertados pola Biblioteca Universitaria, nunha contorna virtual: o Campus Virtual da USC. A duración do curso é de oito semanas, cunha inversión en tempo por parte do alumno dunhas 25 horas. Este curso organízase en sete módulos cos contidos e as tarefas correspondentes de carácter obrigatorio. Esta formación está incluída no Plan de Formación e Innovación Docente e na programación das actividades transversais ofrecidas pola Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS).

As competencias en información nas facultades de Artes e Humanidades dos campus de Santiago de Compostela da USC

Nas bibliotecas de Filoloxía, Xeografía e Historia e Filosofía organizamos os cursos de formación en competencias informacionais como unha competencia transversal impartida de xeito virtual e dirixida ao alumnado de primeiro de grao dende o curso académico 2011/2012. Nesta primeira etapa celebrábase un curso básico por grao de xeito independente. Os espazos virtuais Moodle utilizados foron Aula Cesga dende o curso 2011/2012 e o Campus virtual da USC dende o curso 2016/2017.

En relación ao Nivel Avanzado, a biblioteca de Filoloxía o imparte dende o curso 2017/2018 para cada un dos graos. A biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia comezou a impartir o Nivel Avanzado no curso 2019/2020 cun curso dirixido aos graos de Historia, Historia da Arte e Xeografía como reforzo na elaboración do TFG.

Nas Facultades de Xeografía e Historia contabamos coa colaboración do profesorado para a difusión e valoración do curso nas súas materias. Participaron no proxecto Xosé M. Santos Solla do Grao de Xeografía, Ana Suárez Piñeiro do Grao de Historia e Xosé Nogueira do Grao en Historia da Arte. Na Facultade de Filosofía colaboraron no proxecto as profesoras Nieves Herrero e Guadalupe Jiménez. A todos/as eles/as agradecemos a súa implicación na posta en marcha da formación en competencias en información nos seus centros e que continúen colaborando con nós na súa consolidación.

O novo curso de competencias en información para Humanidades da USC (2021-2022)

Dende o curso 2022 decidimos unificar a formación dos cursos básico e avanzado para que os nove graos de Artes e Humanidades dos campus de Santiago recibiran a mesma formación en competencias, realizando o mesmo curso en dúas edicións no caso do Básico e nunha no caso do Avanzado. Xeografía e Ordenación do territorio é un grao da área de coñecemento de Ciencias Sociais pero vai inserido na formación en Humanidades por tradición e por pertencer á

Facultade de Xeografía e Historia. O grao en Xestión cultural do Campus de Lugo segue a estar xestionado exclusivamente pola Biblioteca Intercentros de Lugo.

O principal obxectivo da fusión dos cursos de competencias en información dirixidos aos graos de humanidades era unificar e simplificar a xestión dunha formación que era moi similar para cada un dos graos. Con isto reducíamos a xeración de aulas en Moodle e a realización das revisións e actualizacións semestrais simplificábase.

O equipo de traballo e a xestión compartida da formación

Para a organización e xestión dos cursos impartidos en tres facultades por tres bibliotecas e dirixidos a nove graos, organizamos o traballo de xeito cooperativo utilizando o software proporcionado pola USC para tal fin, destacando as plataformas de colaboración SharePoint e Teams dende onde xestionamos os calendarios, a organización dos fluxos de traballo e a documentación compartida. Editamos e actualizamos os cursos en Moodle no Campus virtual da USC.

Como adiantamos, a principal vantaxe é a simplificación da xestión dos cursos, permitindo crear contidos comúns para varios graos, reducindo a xeración de aulas en Moodle e facilitando a realización das revisións e actualizacións semestrais dos cursos.

No momento da organización e difusión dos cursos, consensuamos as datas de matrícula e de comezo e peche do curso e compartimos o material de márketing: correos, carteis e imaxes para redes sociais e pantallas. No momento da avaliación, organizamos a xestión das titorías e o proceso de corrección distribuindo as actividades entre os titores buscando a axilidade e eficiencia.

A principal desvantaxe da unificación dos cursos é ter que traballar cun maior volume de alumnado, aínda que as ferramentas de Moodle facilitan a súa xestión.

Características propias do Nivel Básico

O nivel básico de competencias en información para os graos de Humanidades vai dirixido de xeito principal, aínda que non exclusivamente, ao alumnado de primeiro curso do grao das titulacións de Historia, Historia da Arte, Xeografía, Filosofía, Filoloxía clásica, Lingua e literatura españolas, Lingua e literatura galegas, Lingua e literatura inglesas e Lingua e literatura modernas.

Consta de 10 módulos que inclúen contidos teóricos e tarefas prácticas (ver anexo 1 para unha breve descrición dos contidos do curso). Xunto a estes, hai un test de coñecementos previos (TCP) e un test de avaliación final (TAF) coas mesmas preguntas para poder analizar a curva de aprendizaxe. O curso proporciona tamén unha enquisa inicial e unha enquisa de valoración final. A primeira ten como finalidade saber se o alumnado ten recibido algún tipo de formación relacionada durante os seus estudos previos ao acceso á universidade e a segunda pretende obter unha valoración de carácter cualitativo sobre a formación recibida.

O curso de nivel básico impartido pola BUSC a todos os graos baséase nun curso matriz no que se traballan as 21 competencias dixitais (DIGCOMP) aínda que cada centro o adapta ás características de cada área de coñecemento, sobre todo na explicación e uso dos recursos e ferramentas propios.

No caso do curso básico de competencias en información para Humanidades, incidimos naqueles recursos e ferramentas máis utilizadas nas áreas de Humanidades e Ciencias Sociais:

- a. Busca no catálogo e na Internet de información e recursos para Humanidades
- b. Uso de Bibliografías recomendadas
- c. Explicación, rexistro e uso de Dialnet Plus
- d. Presentación dos recursos en aberto máis interesantes das áreas
- e. Estilos bibliográficos máis utilizados polas CCSS e Humanidades (UNE-ISO 690, APA, MLA)
- f. Uso da terminoloxía propia das nosas áreas temáticas (traballo colaborativo en bUSCatermos)

Características propias do curso de Nivel Avanzado

O nivel avanzado do curso de competencias en información para os graos de humanidades está pensado fundamentalmente para asistir ao alumnado na realización do Traballo de Fin de Grao (TFG), proporcionándolle todas aquelas informacións necesarias para cumprir con todos os requisitos formais e de investigación. Este curso ten en conta os retos aos que se enfronta o alumnado que emprende unha actividade investigadora. O obxectivo é proporcionarlle ferramentas avanzadas que lle axuden na descuberta, xestión e explotación da información de xeito eficiente. Este curso ofrécese nos graos de Historia, Historia da Arte, Xeografía, Filosofía, Filoloxía clásica, Lingua e literatura españolas, Lingua e literatura galegas, Lingua e literatura inglesas e Lingua e literatura modernas.

O curso de Nivel Avanzado consta de 6 módulos (ver anexo 2 para unha descrición detallada dos contidos). Cada módulo inclúe contidos teóricos, un test de coñecementos e un exercicio de carácter práctico relacionado. Xunto a estes, do mesmo xeito que no curso básico, hai un test de coñecementos previos (TCP) e un test de avaliación final (TAF), que pecha o curso, coas mesmas preguntas para poder analizar a curva de aprendizaxe. O curso tamén inclúe, a maiores, a enquisa inicial e unha enquisa de valoración final.

O curso avanzado de formación en competencias en información impartido en cada un dos centros baséase nun curso matriz no que se traballan as cinco competencias REBIUN, aínda que logo é adaptado ás características propias da área de coñecemento do alumnado.

O novo curso avanzado de competencias en información para Humanidades, incide nos seguintes recursos e ferramentas:

- a. Busca no catálogo e na Internet de información e recursos para humanidades
- b. Explicación, rexistro e uso de Dialnet Plus
- c. Recursos de información multidisciplinares: WOS, Scopus, ÍndICESCSIC...
- d. Presentación das bases de datos de humanidades licenciadas pola BUSC: JSTOR, MLA, Arkyves, Mirabile, Patrología Latina, Acta Sanctorum...

- e. Presentación dos recursos en aberto máis interesantes para as áreas de humanidades
- f. Estilos bibliográficos máis utilizados polas CCSS e Humanidades (UNE-ISO 690, APA, MLA)
- g. Xestores bibliográficos: RefWorks, Zotero, Mendeley
- h. Dereitos de autor para Humanidades e CCSS
- i. Presentación dos principais recursos de avaliación de revistas científicas

Implicación do profesorado e decanatos das facultades de Humanidades

Profesorado da Facultade de Xeografía e Historia

Dende o curso 2021/2022 o decanato implicouse na difusión e recomendación dos cursos de competencias en información da Biblioteca Universitaria mediante os coordinadores dos graos e o profesorado que recomenda en 1º o curso básico en competencias e en 4º curso o avanzado.

O curso avanzado en competencias en información da Biblioteca aparece como un recurso recomendado na [Guía breve para a elaboración dos Traballos de Fin de Grao da Facultade de Xeografía e Historia](#)

Asemade, nas guías docentes de distintas materias aparece reflectida a recomendación de asistir ao curso de competencias en información da biblioteca ou a valoración nunha materia concreta, tanto en materias do primeiro semestre como do segundo semestre.

A coordinación co profesorado da facultade permite non só unha óptima difusión do curso e un importante incentivo para que o alumnado o curse, senón tamén unha forma de artellar a avaliación do impacto das competencias adquiridas no curso no traballo de clase do alumnado.

1º curso do Grao en Historia

Historia Antiga I: A realización e superación dos cursos de formación impartidos pola Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia da USC poderá complementar en 0,5 puntos a cualificación da docencia interactiva.

Historia Antiga II : Valoración da superación do curso da BUSC na materia xunto a outras variables.

4º curso do Grao en Historia

Historia dos procesos de globalización: Poderase engadir 0,5 puntos na cualificación final da materia ao alumnado que acredite a realización durante o semestre do curso avanzado de formación en competencias da información ofertado pola Biblioteca.

1º curso do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

Xeografía Física I: Poderase engadir 0,5 puntos na cualificación final da materia ao alumnado que acredite a superación durante o semestre do curso básico de formación en competencias da información ofertado pola Biblioteca.

Xeografía Humana II: Na guía docente da materia recoméndase cursar os seminarios de formación en competencias da información impartidos pola Biblioteca Universitaria.

Historia Contemporánea de España: Poderase engadir 0,5 puntos na cualificación final da materia ao alumnado que acredite a realización durante o semestre do curso básico de formación en competencias da información ofertado pola Biblioteca.

4º curso do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio

Instrumentos de ordenación territorial y ambiental: Poderase engadir 0,5 puntos na cualificación final da materia ao alumnado que acredite a realización durante o semestre do curso avanzado de formación en competencias da información ofertado pola Biblioteca.

1º curso do Grao en Historia da Arte

Historia da Arte Romana: Poderase engadir 0,5 puntos na cualificación final da materia ao alumnado que acredite a realización durante o semestre do curso básico de formación en competencias da información ofertado pola Biblioteca

Historia da Arte Prehistórica e das Altas Culturas: Poderase engadir 0,5 puntos na cualificación final da materia ao alumnado que acredite a realización durante o semestre do curso básico de formación en competencias da información ofertado pola Biblioteca.

4º curso do Grao en Historia da Arte

Historia da Arte Galega Antiga e Medieval: Poderase engadir 0,5 puntos na cualificación final da materia ao alumnado que acredite a realización durante o semestre do curso básico de formación en competencias da información ofertado pola Biblioteca

Profesorado da Facultade de Filosofía

Na actualidade, non existe ningún mecanismo formal de cooperación entre o decanato/profesorado e a biblioteca para poder avaliar o impacto das iniciativas na área das competencias da información no traballo de clase do alumnado. Espérase poder ir desenvolvendo dito mecanismo no próximo curso.

Profesorado da Facultade de Filoloxía

Na facultade de filoloxía, o profesorado adoita a recomendar o curso nas súas clases presenciais ao comezo de cada semestre. Descoñécese o grao de implantación desta práctica e o seu impacto real. Mais, aínda non existe ningún mecanismo formal de cooperación entre os coordinadores de grao e a biblioteca para poder avaliar o impacto das nosas iniciativas no traballo de clase do alumnado. Espérase poder ir desenvolvendo este mecanismo no próximo ou próximos cursos.

Difusión e márketing dos cursos de competencias en información

Coa finalidade de difundir e promover a asistencia aos cursos de competencias en información que oferta a biblioteca, durante este curso 2021/2022 xunto ás presentacións nas sesións de acollida das facultades para o alumnado de primeiro ano, leváronse a cabo unha serie de accións de márketing tanto impreso como electrónico. A continuación ofrécese unha descrición destas accións:

-Cartelería

Nas facultades de Xeografía e Historia e Filosofía colocáronse carteis impresos no mostrador de préstamo e na sala de lectura antes e durante o período de matrícula dos cursos básico y avanzado. Asemade empregáronse as pantallas electrónicas da facultade para proxectar o cartel informativo.

Na Facultade de Filoloxía, colocáronse carteis impresos en distintas ubicacións durante o período de matrícula do curso básico tanto en setembro como en febreiro. Tamén, pegáronse carteis dentro do recinto da biblioteca no mesmo período. Ademais, durante o curso, hai un cartel colgado de xeito permanente no taboleiro de anuncios da biblioteca. Por último, empregáronse as pantallas electrónicas da facultade para proxectar un cartel por cuadrimestre anunciando os diferentes períodos de matrícula.

-Redes sociais

A biblioteca da Facultade de Filoloxía escolleu anunciar os cursos a través de Facebook e Instagram. En Facebook, publicáronse dúas entradas, unha ao comezo de cada período de matrícula, en setembro e febreiro e, tamén, un recordatorio nas “historias”. En Instagram, máis empregado polo alumnado, publicáronse 12 entradas entre setembro e febreiro e dúas “historias” como recordatorio. Ademais do relacionado co período de matrícula, as diferentes entradas trataron temas diversos como, por exemplo, como matricularse nos cursos (explicación + vídeo), como se usan as bibliografías recomendadas (imaxes + vídeo), como facer unha busca no catálogo, cales son os elementos dun rexistro bibliográfico do catálogo e, tamén, unha explicación da guía da BUSC de Arte e Humanidades.

Nas facultades de Xeografía e Historia e Filosofía utilizamos o Instagram da biblioteca para publicitar os cursos de competencias. Compartimos contidos coa Biblioteca de Filoloxía e creamos un apartado de “historias destacadas” exclusivo para formación. Subimos a información dos cursos dentro do período de matrícula e os recordatorios correspondentes. Tamén realizamos diferentes entradas relacionadas coa formación de usuarios como por exemplo, como matricularse nos cursos (explicación + vídeo), como se usan as bibliografías recomendadas (imaxes + vídeo), cando plaxiamos e cando non, ou ideas para a reelaboración de materiais dixitais (vídeo).

-Correos electrónicos

Ao longo do curso, as tres bibliotecas emitiron unha serie de correos electrónicos dirixidos tanto ao profesorado como ao alumnado. Ao comezo do curso 2021/2022, enviouse un correo a todo o alumnado onde se presentaban e describían os contidos da primeira edición do curso básico e proporcionábanse as ligazóns necesarias para realizar a matrícula e ampliar información. Ao mesmo tempo, enviouse un correo electrónico dirixido ao PDI onde, ademais de describir os

contidos deste curso básico, se lle proporcionaba toda a información necesaria para poder recomendar o curso ás alumnas/os e poder orientalas/os de ser preciso. Envióuselle tamén un correo co mesmo tipo de contido a todo o PDI en outubro de 2021 para que recomendaran ao alumnado no último ano do grao que realizara o curso avanzado. Por último, enviáronse en febreiro de 2022 dous correos electrónicos, dirixidos ao profesorado e ao alumnado, cos avisos e as informacións completas para a matriculación na segunda edición do curso básico.

- Visitas guiadas

Nas bibliotecas das facultades de Filoloxía, Xeografía e Historia e Filosofía non se fixeron visitas guiadas específicas durante o curso académico 2021/2022 para dar a coñecer ao alumnado de primeiro ano as instalacións e os servizos da biblioteca, como se fixera nos anos anteriores á pandemia. Trala normalización dos efectos da pandemia de COVID-19, faise posíbel, de novo, considerar a idoneidade de ofertar estas visitas ao alumnado de novo ingreso para o curso 2022/2023. En relación con esta actividade, na biblioteca da Facultade de Filoloxía celebrouse unha xornada de portas abertas con motivo do Día Internacional das Bibliotecas (24 de outubro de 2021).

Cursos realizados durante o ano académico 2021/2022 no campus virtual

Nivel Básico

Competencias en Información. Nivel Básico. Humanidades Santiago. 1ª Ed [BUSC.2122.39] [2021/2022]

Competencias en Información. Nivel Básico. Humanidades Santiago. 2ª Ed [BUSC.2122.40] [2021/2022]

Cronoloxía

Convocamos dúas edicións do curso básico, unha ao comezar o curso académico e outra en febreiro tras rematar os exames do primeiro semestre. O curso ten unha duración de catro semanas e realízase no Campus virtual da USC.

A primeira edición do curso básico comezou o día 20 de setembro e rematou o 18 de outubro de 2022. A segunda edición do curso básico comezou o día 7 de febreiro e rematou o 7 de marzo de 2022.

Nivel Avanzado

Competencias en Información. Nivel Avanzado. Humanidades Santiago [BUSC.2122.41] [2021/2022]

Cronoloxía

Convocamos unha edición do curso avanzado no período máis adaptado ás necesidades do alumnado que realiza o TFG. O curso ten unha duración de catro semanas e realízase no Campus virtual da USC.

O curso avanzado comezou o día 13 de outubro e rematou o 12 de novembro de 2022.

Resultados globais de aptitude

No curso 2021/2022, as bibliotecas da Facultades de Filoloxía, Filosofía e Xeografía e Historia outorgaron a aptitude a un total de 299 alumnas e alumnos dos 481 matriculados nos dous niveis ofrecidos de Cursos de Competencias en Información: Nivel Básico e Nivel Avanzado.

Resultados globais por curso

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 326 | 211 | 64,72% | 29% |
| Avanzado CI | 155 | 88 | 56,77% | 5,64% |

Presentamos a continuación, desagregados por facultades e graos, os datos de matriculación e mais o tanto por cento de alumnado matriculado formado. Tamén presentamos o tanto por cento do alumnado formado en competencias en información respecto ao número total de matriculados en 1º para o curso básico e en 4º para o avanzado dos distintos graos. Mesmo facemos unha comparativa dos datos obtidos este ano cos do curso académico anterior para estudar a efectividade das accións de difusión do curso e cooperación co profesorado.

Facultade de Filoloxía

Na Facultade de Filoloxía, os resultados globais do curso 2021/2022 son sensiblemente mellores que os do curso anterior, mais con carácter xeral seguen sen ser bos. Os datos indican que a pandemia de Covid-19 e mais os cambios de persoal tiveron un gran impacto nas actividades ofertadas pola biblioteca e mais nas tarefas de difusión das mesmas durante o curso 2020/2021.

Con carácter xeral, comprobamos que, durante o curso 2021/2022, os aptos no curso básico son aproximadamente entre o 50-60% do total de matriculados e que a incidencia da formación en relación co número total de alumnos matriculados en cada grao é practicamente imperceptíbel o que é congruente coas respostas do PDI nas enquisas de calidade sobre este particular. No curso avanzado, a porcentaxe de aptos respecto ao número de matriculados baixa significativamente ao 40-50% aproximadamente e a incidencia respecto ao número total de matriculados é aínda menor. A continuación, ofrécense os datos desagregados por grao:

Grao en Filoloxía Clásica curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 12 | 7 | 58.33% | 24.13% |
| Avanzado CI | 8 | 4 | 50% | 13.33% |

Grao en Filoloxía Clásica curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 1 | 1 | 100% | 1,2% |
| Avanzado CI | 2 | 2 | 100% | 9,5% |

O caso de Filoloxía Clásica é paradigmático no referente ao curso básico. Os datos indican unha porcentaxe de entre o 50-60% de alumnos que conseguen rematar o curso, mais a porcentaxe de alumnos formados en competencias con respecto ao alumnado matriculado na titulación sitúase entre o 10-20%. Unha cifra que consideramos moi baixa. Os datos son mellores que os do curso 2020/2021, mais aínda están lonxe dos resultados doutras titulacións da área de humanidades.

Grao en Lingua e Literatura galegas curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 14 | 9 | 64.28% | 17.30% |
| Nivel Avanzado CI | 17 | 8 | 47.05% | 6.15% |

Grao en Lingua e Literatura galegas curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 1 | 1 | 100% | 1,2% |
| Avanzado CI | 1 | 1 | 100% | 0,9% |

No grao de Filoloxía Galega aínda hai moito traballo que facer xa que o número de aptos e a porcentaxe de formados sobre o total do alumnado matriculado na titulación é especialmente baixo.

Grao en Lingua e Literatura españolas curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 19 | 10 | 52.63% | 13.69% |
| Avanzado CI | 13 | 3 | 23.07% | 2.14% |

Grao en Lingua e Literatura españolas curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 0 | 0 | - | - |
| Avanzado CI | 0 | 0 | - | - |

Un caso similar é o do Grao en Lingua e literatura españolas. Durante o curso 2020/2021 non houbo matriculados e tampouco se matriculou ninguén desta titulación na segunda edición 2021/2022 do curso básico de competencias. Os resultados do curso avanzado deste ano tamén

son especialmente malos. Ten a peor ratio de todos os graos impartidos na Facultade de Filoloxía.

Grao en Lingua e Literatura inglesas curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 51 | 32 | 62.74% | 27.58% |
| Avanzado CI | 41 | 25 | 60.97% | 11.26% |

Grao en Lingua e Literatura inglesas curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 5 | 4 | 80% | 2,3% |
| Avanzado CI | 17 | 11 | 64,70% | 5,4% |

O alumnado do Grao de Lingua e literatura inglesas é o que obtén os mellores resultados. A taxa de éxito é maior (a porcentaxe de alumnos que rematan o curso), aínda que a incidencia sobre o total de alumnos matriculados na titulación segue a ser baixa.

Grao en Lingua e Literatura modernas curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 15 | 9 | 60% | 10.46% |
| Avanzado CI | 14 | 6 | 42.85% | 4.13% |

Grao en Lingua e Literatura modernas curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 1 | 1 | 100% | 0,7% |
| Avanzado CI | 4 | 1 | 25% | 0,8% |

No caso do Grao de Lingua e literatura modernas, os datos van na mesma dirección. Taxa de éxito máis baixa no curso avanzado e pouca incidencia respecto ao número de matriculados na titulación. Ten uns resultados similares aos de Lingua e Literatura españolas.

En xeral, obsérvase pouca participación para unha actividade que curiosamente é máis idónea para o alumnado de humanidades que para o alumnado doutras áreas. A incidencia do alumnado formado en competencias de información nos diferentes graos ofertados pola Facultade de Filoloxía ronda, na actualidade, o 10% respecto ao número total de matriculados nesas titulacións.

Facultade de Xeografía e Historia

Observamos que máis do 50% do alumnado matriculado no Grao de Historia ten formación en competencias, sendo a maior cifra de todos os graos de Humanidades de Santiago. Non se produciu un incremento significativo da matriculación neste grao respecto ao ano anterior no curso básico, por ser xa valorado tradicionalmente nunha das súas materias. No nivel avanzado obsérvase un incremento da matriculación e unha excelente aptitude no curso.

Grao en Historia curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 92 | 66 | 72% | 59,5% |
| Avanzado CI | 29 | 29 | 100% | 22,3% |

Grao en Historia curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 98 | 77 | 79% | 67% |
| Avanzado CI | 20 | 15 | 75% | 14% |

Grao en Historia da Arte curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 75 | 62 | 83% | 68,1% |
| Avanzado CI | 13 | 4 | 31% | 3,8% |

Grao en Historia da Arte curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 47 | 39 | 83% | 36,1% |
| Avanzado CI | 20 | 15 | 75% | 18,3% |

Produciuse un importante incremento da matriculación do curso básico no Grao en Historia da Arte que logrou que máis do 68% dos matriculados en 1º acaden a formación en competencias en información. A matrícula do alumnado do curso avanzado segue a ser baixo, polo que é importante incidir na difusión e valoración do curso en 4º de Historia da Arte.

Grao en Xeografía e Ordenación do territorio curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 21 | 12 | 57% | 30,8% |
| Avanzado CI | 12 | 9 | 75% | 31% |

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 5 | 4 | 80% | 7,8% |
| Avanzado CI | 1 | 1 | 100% | 4,2% |

O incremento da matrícula nos cursos de competencias foi espectacular no Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio tanto no curso básico como no avanzado con respecto ao ano pasado, aínda que é tamén significativo o número de abandonos. É importante seguir nesta liña de difusión e valoración do curso por parte do profesorado da titulación.

Facultade de Filosofía

A matrícula nos cursos de competencias da BUSC é moi baixa no curso básico e inexistente no curso avanzado, tanto polo descoñecemento da existencia dos cursos como por unha certa desconexión da biblioteca co profesorado da titulación. Faise necesaria unha maior coordinación nos vindeiros cursos académicos para acadar unha formación en competencias en información axeitada no Grao en Filosofía.

Grao en Filosofía curso 2021/2022

| Nivel | Matriculados | Aptos | % Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|------------|-----------------|
| Básico CI | 10 | 4 | 40% | 3,2% |
| Avanzado CI | 0 | 0 | - | - |

Grao en Filosofía curso 2020/2021

| Nivel | Matriculados | Aptos | %Formados | % Sobre o total |
|-------------|--------------|-------|-----------|-----------------|
| Básico CI | 14 | 6 | 43% | 6,6% |
| Avanzado CI | 0 | 0 | - | - |

Resultados globais da aprendizaxe

Tanto no curso de Nivel Básico como no de Nivel Avanzado, o alumnado ten que realizar de xeito obrigatorio un test de coñecementos previos (TCP) e un test de avaliación final (TAF) de 10 preguntas. As preguntas son as mesmas, polo que é un sistema obxectivo que permite analizar a aprendizaxe do alumnado comparando os resultados da avaliación diagnóstica inicial coa avaliación final. Para o cálculo, utilizamos a poboación de alumnado apto e suspenso, sen contar os abandonos nin o alumnado matriculado que non realizou o curso.

- **Curso Básico: cualificación media**

| | Test Inicial | Test Final |
|-------------------------|---------------|---------------|
| Básico CI 1ª ed. | 73,32% | 87,14% |
| Básico CI 2ª ed. | 73,69% | 85,44% |

- **Curso Avanzado: cualificación media**

| | Test Inicial | Test Final |
|--------------------|---------------|---------------|
| Avanzado CI | 72,66% | 84,98% |

Enquisa de satisfacción ao alumnado

Nivel Básico

A Enquisa de satisfacción do alumnado consta de 15 preguntas. En seis delas solicítase a puntuación de 1 a 5 das distintas características do curso: facilidade de navegación, calidade dos módulos, facilidade de comprensión, pertinencia das actividades ou valoración dos titores. Esta mesma valoración aplícase ás cinco preguntas relacionadas coa satisfacción do alumnado co curso que detallamos seguidamente. Nas dúas últimas preguntas o alumnado valora numericamente o curso e pode deixar constancia das súas críticas e suxestións para a mellora do mesmo.

Esta enquisa foi contestada por 211 alumnos e alumnas dos 326 matriculados nas dúas edicións, é dicir polo 65% do alumnado matriculado nos cursos.

Queremos destacar o grao de satisfacción do alumnado co curso utilizando cinco ítems concretos da enquisa. O reflectimos a nivel global de curso e tamén a nivel Bibliotecas/Centros que imparten o curso.

Resultados globais:

| Pregunta | Nº de respostas 4-5 | % de satisfacción |
|---|---------------------|-------------------|
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión da información? | 164/211 | 77,73% |
| En que grao consideras agora que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa area de coñecemento? | 157/211 | 74,41% |
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades para crear contidos e traballar na contorna dixital? | 153/211 | 72,51% |

| | | |
|--|---------|--------|
| En que grao consideras que este curso che vai a axudar na túa formación académica e profesional? | 148/211 | 70,14% |
| En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros/as? | 168/211 | 79,62% |

Desagregación por facultades:

A continuación, ofrécense estes mesmos resultados desagregados por facultades.

Facultade de Xeografía e Historia e Facultade de Filosofía

A enquisa foi contestada por 133 alumnos dos diferentes graos impartidos na Facultade de Xeografía e Historia e do Grao de Filosofía. Observamos que máis do 80% opinan que adquiriron novos coñecementos e habilidades na xestión da información con este curso e tamén máis do 80% o recomendarían aos seus compañeiros. Na valoración global do curso, un 65,6% outorgoulle unha nota de entre 7-8 e un 15,7% cualificou o curso cunha nota de 9-10.

| Pregunta | Nº de respostas 4-5 | % de satisfacción |
|---|---------------------|-------------------|
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión da información? | 110/133 | 82,71% |
| En que grao consideras agora que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa area de coñecemento? | 100/133 | 75,19% |
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades para crear contidos e traballar na contorna dixital? | 93/133 | 69,92% |
| En que grao consideras que este curso che vai a axudar na túa formación académica e profesional? | 95/133 | 71,43% |
| En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros/as? | 109/133 | 81,95% |

Facultade de Filoloxía

A enquisa foi contestada por 66 alumnos dos diferentes graos impartidos na Facultade de Filoloxía. En xeral, ao redor do 74-75% atoparon útiles os contidos para adquirir coñecementos e desenvolver habilidades relacionadas coa xestión da información e o traballo na contorna dixital. Na valoración global do curso, 51 alumnos da facultade responderon a este ítem da enquisa. Un 60,78% outorgoulle unha nota de entre 7-8 e un 29,41% cualificou o curso cunha nota de 9-10.

| Pregunta | Nº de respostas 4-5 | % de satisfacción |
|---|---------------------|-------------------|
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión da información? | 49/66 | 74,2% |
| En que grao consideras agora que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa area de coñecemento? | 38/56 | 67,8% |
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades para crear contidos e traballar na contorna dixital? | 50/66 | 75,7% |
| En que grao consideras que este curso che vai a axudar na túa formación académica e profesional? | 45/66 | 68,1% |
| En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros/as? | 48/66 | 72,7% |

Nivel Avanzado

A Enquisa de satisfacción do alumnado do curso avanzado consta de 15 preguntas e presenta as mesmas características da enquisa do curso básico.

Esta enquisa foi contestada por 77 alumnos dos 155 matriculados no curso.

Queremos destacar o grao de satisfacción do alumnado co curso utilizando catro ítems concretos da enquisa. O reflectimos a nivel global de curso e tamén a nivel Bibliotecas/Centros que imparten o curso.

Resultados globais:

| Pregunta | Nº de respostas 4-5 | % de satisfacción |
|---|---------------------|-------------------|
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión da información? | 54/77 | 70,13% |
| En que grao consideras agora que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa area de coñecemento? | 56/77 | 72,73% |
| En que grao consideras que este curso che vai a axudar na túa formación académica e profesional? | 55/77 | 71,43% |
| En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros/as? | 60/77 | 77,92% |

Desagregación por facultades

Facultade de Filoloxía

A enquisa foi contestada por 39 alumnos da Facultade de Filoloxía. En xeral, todos os ítems superan o 70%, o que quere dicir que a utilidade e idoneidade dos coñecementos e habilidades que pretende desenvolver son moi ben valoradas. Na valoración global do curso, un 58,9% outórgalle unha nota de 7-8, mentres que o 20,5% o cualifica cunha nota de 9-10.

| Pregunta | Nº de respostas 4-5 | % de satisfacción |
|---|---------------------|-------------------|
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión da información? | 30/39 | 76,9% |
| En que grao consideras agora que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa area de coñecemento? | 29/39 | 74,3% |
| En que grao consideras que este curso che vai a axudar na túa formación académica e profesional? | 28/39 | 71,7% |
| En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros/as? | 31/39 | 79,4% |

Facultade de Xeografía e Historia

A enquisa foi contestada por 35 alumnos da Facultade de Xeografía e Historia. En xeral, todos os ítems superan o 60%. Na valoración global do curso, un 57,79% outórgalle unha nota de 7-8, mentres que o 29,53% o cualifica cunha nota de 9-10.

| Pregunta | Nº de respostas 4-5 | % de satisfacción |
|---|---------------------|-------------------|
| En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión da información? | 22/35 | 62,86% |
| En que grao consideras agora que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa area de coñecemento? | 24/35 | 68,57% |
| En que grao consideras que este curso che vai a axudar na túa formación académica e profesional? | 24/35 | 68,57% |
| En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros/as? | 25/35 | 71,43% |

Enquisa de satisfacción do profesorado

Coincidindo co período de avaliación do segundo semestre, enviamos unha enquisa de satisfacción ao profesorado na que se solicitaba a súa opinión sobre o curso de formación en competencias da Biblioteca Universitaria. A enquisa presenta dous apartados: un apartado xeral composto por preguntas que versan sobre o coñecemento dos cursos e a súa necesidade ou posible obrigatoriedade e un segundo apartado no que o profesorado que valora o curso na súa materia aporta o seu diagnóstico sobre a aplicación dos coñecementos adquiridos polo alumnado nos traballos entregados durante o curso.

O apartado xeral foi contestado por 42 profesores e profesoras das facultades de Filoloxía, Filosofía e Xeografía e Historia dos 227 aos que se lles enviou a enquisa, é dicir o 18,5%. O apartado específico por 19 profesores e profesoras que valoran o curso na súa materia.

Principais resultados do apartado xeral:

| Pregunta | SI | NON |
|---|-----|-----|
| Considera a formación en competencias dixitais imprescindible en 1º de grao? | 90% | 10% |
| Considera que este curso debería ser obrigatorio en 1º de Grao? | 93% | 7% |
| Considera necesaria a inclusión do curso nas guías docentes para favorecer a participación do alumnado? | 86% | 14% |
| Valora a realización do curso na súa materia? | 45% | 55% |

Principais resultados do diagnóstico do profesorado:

O profesorado que valora nas súas materias a participación no curso de competencias informacionais realizou unha apreciación da aplicación dos coñecementos adquiridos polos alumnos en competencias dixitais e informacionais nas materias de 1º e 4º de grao. A avaliación foi realizada utilizando o indicador Net Promoter Score na que o 0 e o termo medio e o +100 o resultado máximo. Os resultados son evidentemente malos e evidencian un absoluto descontento do profesorado con respecto ao nivel das competencias procedimentais estudadas no curso.

Para a correcta comprensión destes datos temos que ter en conta en o NPS presenta unha escala moi exixente (de 0 a 10, so o 9 e o 10 son respostas positivas) e que a meirande parte do alumnado non participa no curso de competencias en información da biblioteca. Como vimos a porcentaxe máis alta é a de 1º curso do grao en Historia que chega ao 59,5%. Os peores datos os recibe a capacidade de aplicar unha metodoloxía científica básica na elaboración dun traballo académico e o uso de ferramentas básicas na edición de contidos dixitais.

| Pregunta | NPS |
|---|------------|
| Resultados da aprendizaxe: coñecen os recursos de información e servizos da BUSC. | -66 |
| Resultados da aprendizaxe: localizan información no catálogo, na web da BUSC e en Internet e a avalían correctamente. | -72 |
| Resultados da aprendizaxe: aplican unha metodoloxía científica básica na elaboración dun traballo académico. | -83 |
| Resultados da aprendizaxe: comprenden a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que utilizan, citando e redactando as referencias bibliográficas. | -66 |
| Resultados da aprendizaxe: saben empregar ferramentas básicas para editar contidos dixitais, presentar traballos académicos, e almacenar e compartir contidos na nube. | -83 |
| Resultados da aprendizaxe: Nomean axeitada e inequivocamente os arquivos que achegan ao profesorado. | -82 |

O profesorado tamén aporta os seus comentarios relativos á necesidade de potenciar o curso e que a maior parte do alumnado teña a posibilidade de cursalo ou que sexa obrigatorio en 1º de grao. Respecto aos contidos, insisten na necesidade de incidir na formación destinada a elaborar un traballo académico e en concreto nas ferramentas necesarias para saber citar e evitar o plaxio.

Valoración final

A valoración do curso por parte do profesorado que é excelente, recibindo un NPS de 95 como recomendable ao resto do profesorado e unha puntuación de 4.6 sobre 5.

| | |
|--|-----------------|
| Probabilidade de que recomende o curso ao resto do profesorado | 95 (NPS) |
| Como cualificaría o curso? | 4,76/5 |

Conclusiones

A cooperación entre as bibliotecas das facultades de Humanidades de Santiago durante o ano académico 2021/2022 foi positiva, xa que racionalizou e simplificou a xestión dos cursos de formación e posibilitou unha mellor difusión do curso e un aumento da participación.

Pola súa banda, a sinerxía co profesorado da Facultade de Xeografía e Historia comeza a dar bos froitos coa mellora dos resultados en participación e aptitude que con seguridade presentarán un incremento no próximo ano académico.

Con todo, é relevante o reducido número de alumnos e alumnas que participa nos cursos de competencias en información sendo unha actividade curiosamente máis idónea para o alumnado de Humanidades que para o alumnado doutras áreas. Preocupa no caso da meirande parte das filoloxías e no Grao de Filosofía.

Os tests de avaliación dos cursos de competencias básico e avanzado revelan que o alumnado apto acadou as competencias básicas propostas nos mesmos. As enquisas de satisfacción do alumnado, confirman que o curso é valorado positivamente sendo recomendado nunha porcentaxe superior ao 75%. O profesorado enquisado considera que a formación en competencias dixitais é imprescindible en 1º de grao. A meirande parte dos docentes considera que o curso debería ser obrigatorio en 1º e recomendado e valorado nas guías docentes das materias para favorecer a súa realización.

Entendemos que o profesorado valora a existencia do curso e o traballo da Biblioteca Universitaria no seu esforzo de promover a formación en competencias dixitais entre o alumnado, pero manifesta que, aínda así, a meirande parte do alumnado non demostra o dominio das competencias mínimas esixidas. Respecto aos contidos, insisten na necesidade de incidir na formación destinada a elaborar un traballo académico e en concreto nas ferramentas necesarias para saber citar e evitar o plaxio.

Propostas de mellora

Tendo en conta estas últimas consideracións, este informe proporciona a continuación unha serie de iniciativas dirixidas a mellorar os distintos aspectos do curso.

Antes de expoñer estas propostas, hai que ter en conta, como xa se mencionou, que os cursos de competencias en humanidades organízanse de xeito cooperativo dende este ano académico 2021/2022 e que o contexto de partida das diferentes bibliotecas participantes é moi desigual. Polo tanto, cada unha das seguintes propostas de mellora deben ser entendidas como propostas de implantación gradual.

Non se agarda poder implantar todas estas medidas de xeito inmediato, se non que nalgúns casos estas medidas tardarán en poñerse en marcha varios cursos académicos. Isto implica, ademais, que haberá bibliotecas que deberán facer un maior esforzo para lograr unha mellor integración na cultura institucional da súa facultade e, tamén, para acadar uns resultados o máis uniformes posíbeis con respecto ao resto das bibliotecas, polo menos no medio prazo.

1. Profundar en formación concreta con contidos máis pormenorizados

Tendo en conta as preferencias amosadas polo PDI en relación con aqueles contidos do curso nos que se pensa que hai que profundar, tratarase de ir introducindo nos próximos cursos reforzos en determinados contidos como, por exemplo, na identificación de fontes fiábeis de información para a realización de traballos académicos e na formación no uso de estándares de citación, por mencionar só algúns dos temas máis demandados polo profesorado.

É preciso explorar, tamén, a posibilidade de coordinar este reforzo dos contidos teóricos con outras formas de exposición máis visuais como as infografías e o vídeo e multiplicar as canles de difusión para adecuar o medio ao tipo de audiencia ao que vai dirixido.

2. Mellora da coordinación e colaboración co profesorado

A mellora da coordinación e colaboración co profesorado é esencial para poder cumprir cun dos obxectivos da biblioteca universitaria: proporcionar apoio á docencia. É indubidable que o esforzo de colaboración levado a cabo polo profesorado da facultade de Xeografía e Historia logrou o incremento do interese do alumnado pola formación da biblioteca polo que é imprescindible continuar nesa liña incidindo tamén na participación no curso Avanzado.

Unha das razóns principais de matricularse nos cursos, segundo o alumnado, é a recomendación do profesorado do grao ou a súa valoración nunha materia concreta. Cremos que é importante que os cursos aparezan nas guías docentes en todas as titulacións de grao, incidindo na idoneidade desta formación para unha satisfactoria resolución das tarefas que se lle podan encomendar ao alumnado.

No caso das bibliotecas das facultades de Filoloxía e Filosofía, debemos traballar neste camiño. Fai falla algún tipo de mecanismo que teña por fin mellorar a coordinación cos decanatos e o profesorado. As áreas nas que a cooperación é necesaria son numerosas: no referente ás

propostas no reforzo de contidos, no referente ao seguimento das actividades formativas e no referente á avaliación dos efectos da formación, por mencionar só unhas poucas.

3. Distribución de contidos selectos dos cursos a todo o alumnado.

Tendo en conta a baixa incidencia de alumnado formado en competencias informacionais en comparación co alumnado matriculado tanto en primeiro curso como en cuarto, é necesario avaliar a posibilidade de ofertar unha formación mínima a todo o alumnado de xeito alleo ao curso en coordinación cos diversos medios de difusión dos que dispoñemos. En xeral, trátase de elevar o nivel mínimo de formación de xeito aberto e ofrecer o curso de competencias en información para ampliar e asentir coñecementos.

Esta formación pode tomar diferentes formas:

- Elaboración de documentos de mínimos e de rápida consulta para o alumnado. Estes documentos poderían estar aloxados nas aulas virtuais das diferentes materias e tamén nos microsítios das bibliotecas. Para mellorar a súa accesibilidade, pódense empregar códigos QR nas bibliotecas e aulas.
- Elaboración de infografías e diagramas que promovan a dixestión de información de mínimos do xeito máis eficiente posíbel.
- Elaboración de tutoriais de vídeo de consulta rápida.
- Elaboración de trípticos e información básica impresa coa fin de chegar a aqueles alumnos que aínda non empregan as redes sociais da biblioteca.
- Celebración de obradoiros presenciais de carácter básico para alumnado non matriculado.

4. Accións formativas presenciais

Dende a biblioteca somos conscientes de que as solucións tecnolóxicas non o son todo, por iso estimamos conveniente tamén ofrecer unha serie de sesións presenciais que poidan servir a diferentes propósitos. Entre elas, pensamos que sería interesante introducir as seguintes iniciativas:

- Clases presenciais para resolver dúbidas e aclarar conceptos relacionados cos contidos do curso, especialmente no caso do curso avanzado.
- Obradoiros presenciais de carácter básico para o alumnado matriculado e non matriculado no curso básico, coa finalidade de dar a coñecer as posibilidades do curso básico ao alumnado (mencionado tamén no punto anterior).
- Visitas guiadas ao comezo do curso para dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso as instalacións e os servizos tanto presenciais como virtuais.

- Xornada de portas abertas no Día Internacional das Bibliotecas para promover un mellor coñecemento das bibliotecas e o patrimonio que custodian.
5. Adaptación do curso de competencias en información á nova plataforma de servizos bibliotecarios ALMA e a ferramenta de descubrimento PRIMO.

Por último, hai que ter en conta os efectos que vai ter a implantación da nova plataforma de servizos bibliotecarios a finais do ano 2022. A Biblioteca Universitaria terá que actualizar todos os seus recursos formativos, incluíndo os cursos de formación en competencias e terá que elaborar ferramentas de formación para os seus usuarios e usuarias. Como o establecemento do novo sistema non coincide co comezo do ano académico, senón co ano natural, a formación no primeiro semestre non cambiará substancialmente, estando xa a do segundo semestre totalmente adaptada á nova ferramenta de descubrimento e á nova páxina web. Deberase ter en conta que a introdución dun novo sistema e a adaptación a novos fluxos de traballo pode retrasar a posta en marcha das propostas deste apartado. Consideramos que a implantación de ALMA e Primo pode ser unha oportunidade para actualizar de xeito máis profundo e global os cursos de formación en competencias da BUSC.

Anexos

Anexo 1: Descrición dos módulos e tarefas asociadas no curso básico

O curso de Nivel Básico consta de 10 módulos que inclúen contidos teóricos e tarefas prácticas. A continuación ofrécese unha breve descrición dos diferentes módulos e as tarefas de control asociadas:

Módulo 0: Introducción ao curso

Proporciona información sobre como empregar as diferentes ferramentas que proporciona o curso. Inclúe un protocolo de uso do campus virtual e un test obrigatorio de coñecementos previos.

Módulo 1: A biblioteca e os recursos TIC da USC

Inclúe información sobre as bibliotecas, recursos e servizos que proporciona a biblioteca universitaria. Tamén dentro deste módulo hai dúas actividades relacionadas co correo institucional da USC para os alumnos e o uso da Tarxeta Universitaria de Identidade.

Módulo 2: Como buscar e usar a información

Este módulo proporciona consellos e ferramentas para buscar eficazmente información mediante a formulación de estratexias de busca válidas para motores de busca e bases de datos. Tamén inclúe ferramentas para poder avaliar a información atopada e determinar a súa

pertinencia. Por último, proporciona informacións importantes relacionadas co uso da información como os dereitos de autor, os diferentes tipos de licenzas e a cuestión dos dereitos en Google. A tarefa práctica asociada a este módulo é un informe de avaliación dunha páxina web.

Módulo 3: Buscar no catálogo da BUSC

Os principais obxectivos deste módulo son: coñecer o catálogo Iacobus e aprender a realizar buscas nel, saber interpretar os distintos rexistros existentes e poder facer trámites coa biblioteca dende o catálogo en liña. Contén unha actividade práctica guiada de buscas no catálogo para avaliar a aplicación dos coñecementos teóricos aprendidos e, de cara á práctica, neste módulo inclúese o uso de guías interactivas sobre buscas de bibliografía recomendada, buscas simples, buscas avanzadas, así como indicacións acerca de como interpretar un rexistro bibliográfico e como empregar o rexistro de usuario de Iacobus.

Módulo 4: Buscar na web da BUSC

Este módulo amplía o radio de acción na procura da información pasando do uso do catálogo bibliográfico ao uso de ferramentas máis avanzadas como o repositorio dixital Minerva, o buscador de revistas electrónicas Pórtico, a plataforma de libros electrónicos Prelo e tamén Dialnet. Proporciónase información básica sobre bases de datos de carácter xeral e bases de datos especializadas da área de Humanidades. Por último, proporciónase formación práctica sobre como solicitar artigos e libros tanto de fóra da USC como de outras facultades e tamén sobre como solicitar a compra de novas publicacións.

Módulo 5: Buscar información en internet

Este módulo proporciona información sobre as diferentes ferramentas de busca que existen en internet: buscadores xenéricos, buscadores especializados ou académicos, recolectores de ciencia aberta, portais especializados de información científica e directorios de publicacións OA. Este módulo inclúe dous video-tutoriais sobre Dialnet e Google Scholar e unha actividade de busca e gardado de información en Dialnet.

Módulo 6: Como facer un traballo académico

Proporciónase neste módulo unha serie de informacións relacionadas coa realización de traballos académicos: os diferentes tipos de traballos académicos, os pasos para elaborar un traballo académico (definir o tema, buscar e atopar información relacionada, avaliar e organizar a información atopada, tratar a información e organizar e redactar o traballo) e as diferentes formas de presentación dun traballo. Tamén se proporciona unha análise das partes dun traballo así como unha descrición dos seus aspectos formais e una serie de recomendacións de carácter práctico. Por último, este módulo péchase cun test sobre esta materia.

Módulo 7: Citar a información e evitar o plaxio

Os obxectivos deste módulo son moi variados. O primeiro é dar a coñecer ao alumnado os conceptos básicos da propiedade intelectual. Trátase tamén dos xeitos de evitar o plaxio proporcionando aos alumnos ferramentas e estratexias para citar correctamente os documentos empregados na realización de traballos académicos. Ademais disto, este módulo tamén pretende dar a coñecer aos alumnos fontes para poder utilizar recursos de dominio público ou libres de dereitos en traballos académicos. Por último, faise fincapé en dar a coñecer ao alumnado o que son unha cita e unha referencia bibliográfica e darlles ferramentas para crear bibliografías para os seus traballos académicos, tanto de xeito manual como mediante xestores bibliográficos. Este módulo conta, ademais, cun foro sobre o plaxio de participación obrigatoria e un test sobre a norma ISO 690 que é o estándar de cita empregado na USC.

Módulo 8: Traballando en rede

Este módulo ten como finalidade proporcionar información sobre como crear e organizar contidos dixitais, compartir arquivos para o traballo colaborativo e manterse ao día empregando ferramentas dixitais. Tamén proporciona información sobre o emprego das redes sociais con seguridade e respectando as normas de comportamento. Este módulo inclúe ademais unha actividade obrigatoria de glosario e unha actividade relacionada co traballo con OneDrive.

Módulo 9: Seguridade informática

No módulo final tócanse temas relacionados coa creación e protección da identidade dixital e a reputación, coa resolución de problemas técnicos básicos dos dispositivos dixitais e aplicacións de traballo, a protección dos dispositivos, os contidos dixitais e a privacidade en internet, a protección da saúde e o benestar xeral no uso das tecnoloxías dixitais e o uso responsable da tecnoloxía en relación co medio ambiente. Este módulo conta cun test sobre o tema da seguridade en internet.

Anexo 2: Descripción dos módulos e tarefas asociadas no curso avanzado

O curso de nivel avanzado consta de 6 módulos que inclúen contidos teóricos e tarefas prácticas. A continuación ofrécese unha breve descripción dos diferentes módulos e as tarefas de control asociadas:

Módulo 1: ¿Que necesito aprender e para que?

Este módulo pretende orientar ao alumnos nas tarefas que terá que desenvolver de cara a realización do TFG. Tamén ofrece materiais para reflexionar en que medida as habilidades relacionadas coa xestión da información poden afectar á empregabilidade no mercado laboral.

Módulo 2: A biblioteca universitaria. Recursos TIC a medida

O módulo 2 serve para recordar aos alumnos a estrutura e servizos que a biblioteca universitaria lles ofrece. Tamén proporciona información sobre unha serie de ferramentas TIC que a USC pon a súa disposición e que son de utilidade para o seu traballo diario tanto individual como colaborativo: Office 365, Outlook, Onedrive, Teams, USC móbil, a red wifi e o acceso remoto, os servizos de campus na nube, etc. O módulo consta de tarefas relacionadas coa configuración do correo e o seu acceso a través de dispositivos móbiles.

Módulo 3: Buscar información

Os obxectivos deste módulo pasan porque o alumnado sexa quen de recoñecer os elementos esenciais dunha estratexia de busca (palabras chave, operadores, límites ...), coñecer os diferentes recursos de busca e información que ofrece tanto a biblioteca como Internet na súa área de coñecemento e, ademais, obter resultados pertinentes. Tamén debe ser capaz de optar por unha fonte fiable e adecuada ás súas necesidades de información e ser quen de acceder ao texto completo dos documentos que lle interesan. Para este fin se lle ofrece información sobre os distintos tipos de fontes de información, os distintos pasos no proceso de busca de información (elaboración da estratexia de busca, o proceso de busca, avaliación de resultados, refinamento da busca, etc.) e tamén sobre o mellor xeito de planificar o seu TFG. Dentro deste módulo, estes contidos teóricos aplícanse á busca de información tanto en Iacobus como noutros recursos electrónicos que ofrece a biblioteca universitaria (bases de datos, buscador de revistas dixitais, repositorio dixital, etc.). Tamén se lle proporciona ao alumnado información sobre as distintas ferramentas especializadas de información ás que poden acceder mediante Internet (buscadores, recolectores, portais, directorios, etc.). Este módulo conta ademais con video-tutoriais (Google Scholar, Dialnet), un test de coñecementos e un exercicio práctico relacionado con bases de datos.

Módulo 4: Avaliar e organizar a información

Neste módulo, proporciónanselle ao alumnado recursos para que aprendan a avaliar a información e sexan quen de decidir sobre a súa calidade e pertinencia de cara ao seu traballo. Tamén, introdúcese ao alumnado no coñecemento de ferramentas especializadas na organización da información como os xestores bibliográficos, as ferramentas colaborativas, ferramentas especializadas na nube, ferramentas de almacenaxe virtual e o uso do Office 365 que ofrece a USC. O módulo inclúe un test de coñecementos, un titorial para o emprego de citas e referencias nun documento word e un anexo de como importar referencias bibliográficas desde diferentes recursos de información a un xestor bibliográfico.

Módulo 5: Tratar a información. Como elaborar un traballo de fin de grao (TFG)

Este módulo ten como obxectivo que o alumnado coñeza a metodoloxía básica para elaborar e defender un traballo de Fin de Grao, que saiba empregar ferramentas adecuadas para a presentación do seu TFG e que sexa quen de evitar o plaxio, citando correctamente os documentos utilizados nos seus traballos académicos. Con este fin se lle proporciona información sobre a planificación do TFG, sobre como empregar distintos estándares de citación e como elaborar estratexias de escritura que eviten o plaxio. Tamén ofrece información acerca da estrutura ideal e o xeito de redactar un TFG, así como consellos sobre presentar e defender un TFG. Como tarefas prácticas aparece un test de coñecementos, un exercicio práctico para citar e xerar bibliográficas e unha serie de anexos onde se explica de xeito máis pormenorizado os estándares ISO 690 e MLA.

Módulo 6: Comunicar e difundir a información

O último módulo ten como obxectivo que o alumnado coñeza os dereitos de autor para poder compartir a información de forma adecuada. Tamén debe saber crear e protexer a súa identidade dixital e reputación. Ten que ser quen de resolver problemas técnicos básicos dos dispositivos dixitais e aplicacións coas que traballa e tamén saber protexer os seus dispositivos, contidos dixitais e privacidade en internet. Tamén se lle proporciona información sobre a protección da saúde e benestar xeral no relacionado co uso das tecnoloxías dixitais e preténdese que ao final o alumnado sexa quen de facer un uso responsable da tecnoloxía en relación co medio. Como tarefas prácticas, este módulo ofrece un test de coñecementos e un exercicio práctico sobre a protección da privacidade en internet

Bibliografía

Biblioteca Universitaria. (2017). Programa de formación en competencias informacionais (CI). Universidade de Santiago de Compostela. Intranet

Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas, Red Española de Bibliotecas Universitarias. (2007). Adquisición de competencias en información : una materia necesaria en la formación universitaria : documento Marco de REBIUN para la CRUE. Obtido de: http://www.rebiun.org/documentos/Documents/IIPE_LINEA1_07-11/IIPE_Linea1_Adquisicionencompetencias_DocumentoCompleto_2007.pdf

Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas, Red Española de Bibliotecas Universitarias. (2013). Manual para la formación en competencias informáticas e informacionais (CI2). Obtido de:

http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Manual_formacion_CI2_completo_2013.pdf

Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas, Red Española de Bibliotecas Universitarias. (2014). Definición de Competencias Infomacionais. Obtido de: http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Definicion_Competicencias_Informacionales_2014.pdf

Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas, Red Española de Bibliotecas Universitarias. (2016). Marco de competencia digital para estudiantes de Grado. Obtido de: http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Propuesta_adaptacion_competenciadigital_estudiante_grado_0916.pdf

Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas, Red Española de Bibliotecas Universitarias; Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas, Comisión Sectorial de Tecnologías de la Información y las Comunicaciones. (2012). Competencias informáticas e informacionais (CI2) en los estudios de grado. Obtido de: http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/CI2_estudios_grado_2012.pdf

European Commission's Joint Research Centre. (2022). "DigComp 2.2: The Digital Competence Framework for Citizens - With new examples of knowledge, skills and attitudes". European Union, 2022. <https://europa.eu/!cKrmj6>

Ferrari, A. (2013). DIGCOMP: A framework for developing and understanding digital competence in Europe. Obtido de: <http://ftp.jrc.es/EURdoc/JRC83167.pdf>

Recomendación 2018/C 189/01 del Consejo de la Unión Europea del 22 de mayo de 2018 relativa a las competencias clave para el aprendizaje permanente (2018). Obtido de: [https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32018H0604\(01\)&from=SV](https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:32018H0604(01)&from=SV)

TIC-REBIUN, C. C. mixta. (2009). *Competencias informáticas e informacionales en los estudios de grado*. [Informe]. REBIUN. <https://repositoriorebiun.org/handle/20.500.11967/49>

Varela -prado, C., Casal Reyes, I., Escar Hernandez, E., Esteban, M., Hernandez, C. J., e Serrano, G. (2012). Trabajando juntos: Hacia un modelo común de evaluación de la formación en competencias informacionales. *Ibersid: Revista De Sistemas De información Y documentación*, 5, 109–117. <https://doi.org/10.54886/ibersid.v5i.3919>